

ASUNTO: DELEGACIÓN COMPETENCIAS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL TRAS A ELECCIÓN DE JOSE BLAS GARCIA PIÑEIRO COMO ALCALDE DO CONCELLO DE AMES.

GESTDOC: 4704/2021.

O día 26.05.2019 tiveron lugar as derradeiras eleccións municipais. Como resultado das mesmas en sesión plenaria de 15.06.2019 resultou elixido alcalde José Manuel Miñones Conde, membro da candidatura do PSG-PSOE.

O pasado día 29.03.2021 o alcalde presenta a súa renuncia aos cargos de concelleiro e alcalde, e nese mesmo día, en sesión extraordinaria e urxente o pleno toma coñecemento da súa renuncia declarando a vacante producida. Unha vez comunicada esta á Xunta Electoral Central, o día 07.04.2021 recíbese a credencial correspondente ao novo concelleiro que resultou ser Santiago Márquez Noya, incluído na candidatura do PSG-PSOE, tomando posesión do seu cargo como concelleiro en sesión plenaria extraordinaria e urxente que tivo lugar as 20.00 horas do día 08.04.2021.

A continuación, as 20:30 horas do mesmo día 08.04.2021 noutra sesión extraordinaria desenvolveuse o pleno para elección de novo alcalde, resultando elixido para o devandito cargo Jose Blas García Piñeiro,(PSG-PSOE), quen despois das formalidades legais tomou posesión do seu cargo como novo alcalde de Ames.

Considerando que a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (LRBRL) establece no seu artigo 23.2.b que lle corresponden a Xunta de Goberno Local “as atribucións que o alcalde ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis”.

Considerando que, aínda que esta nova alcaldía considera apropiadas as delegacións efectuadas a favor da Xunta de Goberno Local polo anterior alcalde mediante o decreto 1776/2019, de 11.06.2019, resulta conveniente adoptar unha nova resolución formal expresa de delegacións desta alcaldía a favor da Xunta de Goberno Local.

Por todo o exposto esta Alcaldía, no uso das súas atribucións, particularmente as contidas no artigo 21.3 LRBRL **resolve:**

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións da Alcaldía:

1ª A concesión de licenzas urbanísticas en xeral, a aprobación de instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ao pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

Tamén se delega a competencia para a aprobación das liquidacións do ICIO (imposto sobre construcións instalacións e obras) correspondentes ás licenzas que se delegan.

2ª Os expedientes de contratación que sexan competencia da Alcaldía.

Se exceptúan desta delegación os contratos menores.

3ª A adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, que sexan competencia da Alcaldía.

4ª A aprobación de proxectos de obra e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión o alcalde e estean previstos no orzamento.

5ª A aprobación das bases reguladoras das subvencións concedidas polo concello en réxime de libre concorrència, o reparto das axudas de acordo con ditas bases e a aprobación da xustificación correspondente.

6ª A aprobación da oferta de emprego público de acordo co orzamento e a plantilla aprobados polo pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.

C.I.F.: P - 1500200 - I

Estas delegacións a favor da Xunta de Goberno Local se realizan sen prexuízo das competencias propias atribuídas polo artigo 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime local á Xunta de Goberno Local, de asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións e aquelas outras que o pleno da corporación, de ser o caso, lle estime oportuno delegar.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local deberá proceder á aceptación as delegacións realizadas polo señor alcalde mediante a presente resolución.

Terceiro.- Dese conta ó pleno da Corporación e publíquese no Portal de Transparencia do Concello de Ames e no Boletín Oficial da Provincia o contido das delegacións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local, en cumprimento do establecido nos artigos 38 e 44 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Ames, abril de 2021.

O alcalde

Blas García Piñeiro

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

HASH DO CERTIFICADO:
0FD2C3778C7B204298B5CEED09905C886F2BBDE1
DF5404BF53C68ABC5CAD316831A644E219B37FA9

POSTO DE TRABALLO:
Alcalde
Secretaria

NOME:
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS
PRADA QUEIPO, ROSA ANA

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 152220IDOC2B583C134E758CF44A9

